

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2025

De acordo co establecido na convocatoria, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitútese en sesión ordinaria ás 12:45 horas do xoves día 11 de decembro de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores.
- 2) Informe do director.
- 3) Asignación de bolsas de colaboración en formación complementaria.
- 4) Execución do orzamento de 2025.
- 5) Orde do día da vindeira Xunta de Escola.
- 6) Quenda aberta de palabra.

ASISTEN:

Persoal académico

COUCEIRO	AGUIAR	Iván
DELGADO	MARTÍN	Jorge J.
FONTÁN	PÉREZ	Arturo N.
NAVARRINA	MARTÍNEZ	Fermin L.
NOVALES	ORDAX	Margarita
ORRO	ARCAY	Alfonso
PENA	MOSQUERA	Luis
RAMÍREZ	PALACIOS	Luis

Estudantes

VÁZQUEZ-PENA	ROMERO	Jaime
--------------	--------	-------

PTXAS

CRUZ	VIQUEIRA	Mª Pilar
------	----------	----------

EXCUSAN:

Persoal académico

DÍAZ	GARCÍA	Jacobo M.
------	--------	-----------

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, Director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, Secretario Académico da Escola.

1) Aprobación, se proceder, de actas de sesións anteriores.

Toma a palabra o director e somete a votación a acta da sesión ordinaria do día 2 de outubro de 2025 e a acta da sesión extraordinaria do día 19 de novembro de 2025. Jaime Vázquez-Pena abstense respecto da acta do 2 de outubro de 2025 porque non asistiu á sesión. Apróbanse por asentimento.

2) Informe do director.

Toma a palabra o director e informa que:

- Con relación ao persoal da Escola, no PDI non houbo cambios, no PTXAS o 3/10 incorporouse Marta Lafuente e como consecuencia Carlos Giz regresa á quenda de tarde e María Jesús Sambade cesou no seu posto. Actualmente, Marta Lafuente atópase de baixa polo que se incorporou Jesús Rapa o 9/10 para cubrir a súa baixa na quenda de mañá. José Carlos Giz foise en comisión de servizos o 3/11, solicitouse a súa praza e incorporouse Adoración Ramil. Paula Busto cesou como conserxe o 17/11 e dende entón a Escola non conta con conserxe por motivos legais ata que saia a praza a concurso. Para cubrir a súa baixa pediuse un cambio de María Blanco para a quenda de mañá dende o 18/11, prorrogándose ata o 31/3/2026. Para cubrir o posto na quenda de tarde incorporouse Juan Montiel ata a mesma data. Na Administración do centro incorporouse María de los Milagros Pato para cubrir a incapacidade temporal de María José López Carballo. No servizo de biblioteca Alicia Trillo asumiu as funcións de Directora da Biblioteca pola incapacidade temporal de Pili Roel. Para cubrir o seu posto incorporouse Lara García. O director fai constar o agradecemento a todos eles e unha pronta recuperación ao persoal que se atopa en incapacidade temporal.
- Respecto das titulacións da Escola, tal e como informara aos membros da Xunta de Escola, a memoria do grao en Enxeñaría Civil remitiuse a verificación en tempo e forma antes da data establecida. O 3/12 chegou aviso de requirimento de requisitos incumplidos a nivel administrativo por parte do Ministerio. O 4/12 informáronlle que as dúas cuestións a corrixir son: cambiar “campo” por “ámbito” e que o convenio de recoñecemento de créditos entre FP e grado por parte da UDC e Xunta caduca este mes e que están buscando unha solución por parte do Reitorado.
- Mañá 12/12 é o acto de graduación ás 11:00 h. e que o conferenciante será Héctor Beade.

Código Seguro De Verificación	YYZBPvAZhTiadqMeli4ofw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	17/03/2026 18:28:55
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YYZBPvAZhTiadqMeli4ofw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- O 6 e 7 de novembro celebrouse reunión da CODICAM en Cáceres. Hai subida de número de matriculados e bo funcionamento do PARS. Acordouse as bases e a data da fase final do concurso de pontes o 6 e 7 de marzo en Valencia. Na Escola hai 7 equipos apuntados e traballando nos seus modelos.
- Convocáronse dúas bolsas de divulgación da Escola de 500€ cada unha para axudar a Diego Carro, coordinador de divulgación, na realización de obradoiros, redes sociais e visitas de colexios e institutos.
- Os coordinadores de titulacións foron nomeados con efectos dende hoxe, tras a queixa realizada por pretendere que os nomeamentos fosen con efectos retroactivos dende o 1/10/2025.
- Alberto Franco comunicou o 1/12/2025 a renuncia a todas as Comisións. Agradéceselle o traballo desenvolvido nas distintas Comisións.

Toma a palabra Iván Couceiro e informa que hoxe mesmo reparouse a porta do Salón de Actos que tiña dificultades de apertura.

Toma a palabra o subdirector Jordi Delgado e informa que:

- As obras polas gotieiras no corredor da aulas realizáronse en agosto, pero está pendente o selado dos lucernarios, que xa se solicitou pero non hai data de execución.
- Hai dous puntos no edificio con perigo de desprendemento de xeso dos teitos (corredor aulas, hall xunto cafetería), que están pendentes de execución.
- Nas escaleiras da entrada principal estase desprendendo o pavimento antiesvarante. Analizáronse por parte do servizo de obras varias alternativas, decidiron substituír o pavimento, pero está pendente de realización.
- Realizarase unha reordenación do espazo traseiro, como retirada de colector, etc.
- As necesidades de obras xestionáronse mediante comunicacións por correo electrónico entre a conserxería e o servizo de obras, pero non se recibe contestación. Julia Álvarez comunicoulle que se lle poden trasladar as necesidades directamente a ela.
- Non hai obras programadas.

Toma a palabra Arturo Fontán e informa que as enquisas de 2023-2024 xa foron analizadas na Comisión de Avaliación Académica e que nos vindeiros días serán enviadas ao profesorado.

3) Execución do orzamento de 2025.

Toma a palabra o director que entrega un documento resume que explica detalladamente.

PRESUPUESTO ETSECCP				
Conceptos de gasto	Crédito Inicial	Crédito gastado	Crédito dispoñible	Reasignacións
660A -300C	55312.81	54815.63	497.18	
Artigo 21 - Reparacións e mantemento	6021.96	5970.34	51.62	
213.01 - Reparacións e mantemento instalacións Escola		5752.54		
216.00 - Reparacións equipos - Cartografía		217.80		
Artigo 22 - Gastos correntes en bens e servizos	44504.25	44183.19	321.06	
220 - Material oficina e informática		4025.56		
221 - Material de laboratorio e non inventariable		4720.13		
222 - Correos		1215.00		
226 - Gastos diversos		19568.81		
01 - Atencións protocolarias		441.20		-506.00
02 - Divulgación e publicidade				-793.33
05 - Cotas e relacións institucionais (Restauración e Asociacións)		5272.67		506.00
06 - Reunións, conferencias e cursos (Convenio CYPE - Arquitectura)		1339.89		
09 - Viaxes alumnado		11065.05		
99 - Gastos diversos (graduación)		1450.00		
227 - Traballos por outras empresas		14653.69		
05 - Procesos electorais				-933.27
06 - Servizos (fotógrafo)		266.20		
07 - Fotocopiadora		2554.80		
12 - Servizos (Autobuses e inscricións xornadas)		12098.89		
Artigo 23 - Indemnizacións por razón de servizo	2786.60	2738.20	48.40	786.60
Artigo 48 - Transferencias correntes...				
480 - Bolsas e axudas a estudantes		10000.00	0.00	
Artigo 62 - Inventariable	2000.00	1923.90	76.10	
660A -122B	16184.93	15717.01	467.92	
Artigo 220 - Material de oficina	1393.55	1373.49	20.06	
Artigo 628 - Libros	14791.38	14343.52	447.86	

Código Seguro De Verificación	YYZBPvAZhTiadqMeli4ofw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	17/03/2026 18:28:55
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YYZBPvAZhTiadqMeli4ofw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Luis Ramírez explica unha partida extraordinaria, comunicada por correo electrónico o 10 de outubro dende o Vicerreitorado de Títulos e Internacionalización, para xustificar antes do 15 de novembro. A pesares do pouco tempo dispoñible e da incerteza pola falta de sinatura do convenio coa Xunta, que é o financiador, vaise a levar a cabo a electrificación das aulas 3, 4, 5 e 6 e o laboratorio de física, e a renovación de 22 equipos informáticos da aula de informática durante o nadal. A confirmación dos orzamentos recibíuse o 7 de novembro. Esta partida é finalista, destinada integramente a docencia, e non se sabe se se repetirá outros anos.

V.B
Luis Ramírez Palacios
Director

Ado.
Arturo N. Fontán Pérez
Secretario académico

4) Orde do día da vindeira Xunta de Escola.

Toma a palabra o director que expón que se convocará unha sesión ordinaria da Xunta de Escola o vindeiro xoves 18 de decembro, e propón a seguinte orde do día:

- Aprobación, se proceder, de actas de sesións anteriores.
- Informe do director.
- Número de prazas ofertadas para o curso 2026-2027.
- Quenda aberta de palabra.

Apróbase por asentimento.

5) Quenda aberta de palabra.

Iván Couceiro expón a falta de persoal coa categoría de conserxe na conserxería na Escola, substituídos por auxiliares que realizan tarefas por riba das súas obrigas, que de non facelas tería que asumilas o director. A falta de estabilidade no persoal de conserxería provoca trastornos no funcionamento normal. A situación empeorou coa nova normativa interna que non permite prorrogar comisións de servizo. Luis Ramírez quere deixar constancia do agradecemento ao persoal que está realizando as tarefas da conserxería.

Jaime Vázquez-Pena pregunta sobre a posibilidade de acceso aos laboratorios de estruturas, proxectos e numérico fóra do horario de apertura da Escola para o alumnado que ten permiso de acceso a Escola nese horario. Luis Ramírez comprométese a analizar a situación.

A sesión ordinaria da Comisión Permanente remata ás 13:35 h.

Código Seguro De Verificación	YYZBPvAZhTiadqMeli4ofw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	17/03/2026 18:28:55
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YYZBPvAZhTiadqMeli4ofw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

